

**Escola Permanente Fermín Penzol.** — Os días 28 e 29 de outubro do 2005 celebrouse en Ribadeo a “I<sup>a</sup> Escola Permanente Fermín Penzol”, organizada pola Universidade de Vigo e o Concello de Ribadeo, coa finalidade de analizar a realidade lingüística actual de Galicia e Asturias e á vez tender pontes entre a xente das dúas comunidades sensibilizadas na dignificación e normalización do galego e do asturiano.

Abríronse as sesións cunha conferencia do escritor e xornalista asturiano Xuan Bello, e a seguir Marisol López, Secretaria Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, e Ramón

d'Andrés, Xefe de Política Lingüística do Principado, analizaron as políticas normalizadoras en Galicia e en Asturias. No outro día houbo tres mesas redondas para analizar a normalización pendente en Galicia e en Asturias, o estado do galego e do asturiano a nivel universitario e a problemática estandarización e normalización das falas do Eo-Navia. A conferencia de clausura impartiuna Felipe Lubián, galegófono de Zamora e incansable loitador pola normalización da lingua galega en Castela-León. [F. F. R.]